

# Crónica

## Día das Letras Galegas 2012 na Universidade Complutense. Uns actos inesquenciables dedicados a Valentín Paz-Andrade, Isaac Díaz Pardo e Celso Emilio Ferreiro

Carmen MEJÍA RUIZ  
Ricardo PICHEL GOTÉRREZ



O Centro de Estudos Galegos da Universidade Complutense de Madrid, en colaboración coa Universidade de Educación a Distancia de Madrid e o Espazo das Lingüas Ibéricas da Universidade de Alcalá de Henares, celebrou o pasado 16, 17 e 18 de maio a xornada conmemorativa do *Día das Letras Galegas*. No acto que se celebrou na Facultade de Filoloxía da UCM o día 16 de maio pola mañá, participou, en primeiro lugar, o escritor e editor Tucho Calvo cun coloquio sobre a figura Valentín Paz-Andrade, o autor homenaxeado nas Letras Galegas 2012 (“Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX”). A continuación, Ricardo Pichel fixo unha *semblanza* de

Isaac Díaz Pardo, cun repaso aos principais fitos vitais e artísticos más salientables do noso querido amigo e mestre. Despois, Ana Acuña rematou esta primeira parte da celebración cunha conferencia sobre Celso Emilio Ferreiro titulada *Onde o mundo se chama Celso Emilio*<sup>1</sup>.

Este acto, que engaiolou a tódolos asistentes, foi organizado por Carmen Mejía, directora do CEG e profesora titular do Dpto. de Filoloxía Románica, e Ricardo Pichel, profesor de lingua galega do citado departamento, coa inestimable colaboración de Javier Rivero e María Sokolova.

O acto rematou cun recital poético en homenaxe a Celso Emilio Ferreiro. Un grupo de estu-

<sup>1</sup> A intervención de Ana Acuña pódese ler na sección de Varia deste número de *Madrygal*.

dantes de Filoloxía, pertencentes na súa maioría a Filoloxía Románica, lerón poemas do poeta home-naxeado. Esta lectura poética foi alentada e dirixida polos organizadores do evento, quen demostraron que a lingua e a literatura galegas interesan á mocidade non galego falante. No recital partici-

paron estudantes e profesores de distintas rexións españolas: canarios, extremeños, galegos, madrileños, malagueños, manchegos, así como doutros territorios estranxeiros como italianos, austriacos, romanescos ou rusos<sup>2</sup>.



Algúns dos protagonistas da lectura poética de Celso Emilio Ferreiro (de esquerda a dereita): Yanira Cabrera, Javier Rivero, Jaime González, Andreea Preda, Javier Valladolid, Valerio Veronese, Sebastián Stratan, Elena Aguado, Carme Lamela e Martín Praga

Os asistentes gozaron da participación de mozos e mozas de diversas nacionalidades, e, xunto a eles, cómpre salientar a presenza, entre outras, de Mariví Villaverde, de Inés Canosa e da poeta

Luz Pichel, quen, xunto a Tucho Calvo, recitaron a dúas voces o coñecido poema ferreiriano “Deitado fronte ao mar”, que conmoveu ao auditorio.



Luz Pichel e Tucho Calvo na lectura poética de Celso Emilio Ferreiro



Algúns dos asistentes aos actos da UCM: Inés Canosa, Carme Lamela, Tucho Calvo, Luz Pichel, Carme Blanco, Xaneiro Torrado, Carmen Mejía, Ana Acuña, Mariví Villaverde e Noemí Fernández

<sup>2</sup> Agradecemos a Ana Acuña, Carme Lamela e Manuel Pereira a cesión dalgúnhas das fotos incluídas nesta crónica.

Pola tarde, no Espazo das Linguas Ibéricas, a profesora Carme Lamela coordinou a merecida *Homenaxe a Isaac Díaz Pardo*, persoero inesquenciable para a cultura galega. Ana Acuña abriu o acto coa lectura do texto do profesor Xesús Alonso Montero, que por circunstancias alleas non pudo estar presente. Carme Lamela, coa



Carme Lamela presentando a homenaxe a Isaac Díaz Pardo no Espazo das Linguas Ibéricas

No acto interviron en primeiro lugar Mariví Villaverde, Inés Canosa, Constanza Tobío e Vicente Araguas quen, ademais, fixo de moderador. Pola súa banda, os estudantes do Espazo das Linguas Ibéricas, xunto con Carme Lamela e o escritor Manuel Pereira, puxéronlle voz a Isaac coa lectura de diferentes poemas seus, e Carmen Mejía e Ricardo Pichel reproduciron uns textos escritos tamén por Isaac sobre a chegada da gue-

colaboración dos seus alumnos de galego, organizou a proxección de fotografías e vídeos das distintas facetas artísticas e vitais de Isaac Díaz Pardo. Resultou moi emotivo o vídeo no que Isaac Díaz Pardo e Xesús Alonso Montero paseaban arredor do monumento aos caídos republicanos deseñado por Isaac.



Intervención de Ana Acuña lendo o texto de Xesús Alonso Montero na homenaxe a Isaac Díaz Pardo

rra e o exilio. O acto rematou coa intervención de Vicente Araguas, que fixo unha lectura do texto que reproducimos no apéndice desta crónica, xunto cos textos dos demás participantes. Deste xeito tivo lugar esta merecida homenaxe que en nome das institucións citadas fixemos en Madrid á persoa de Isaac Díaz Pardo, agradecéndolle que dedicara toda a súa vida a Galicia, feito que ningún pode cuestionar.



Inés Canosa, Mariví Villaverde, Constanza Tobío e Vicente Araguas na homenaxe a Isaac Díaz Pardo



Algunxs participantes na homenaxe a Isaac Díaz Pardo no Espazo das Linguas Ibéricas

Ao día seguinte, o xoves 17 de maio, no Salón de actos das Escolas Pías da Universidade de Educación a Distancia, celebramos a Comme-

moración dos 15 anos do nacemento do Grupo Bilbao, que organizou o profesor Xavier Frías Conde. A sesión da mañá dedicouse ao Grupo Bilbao



Intervención de Carmen Mejía nos actos da UNED



Begoña Regueiro, Pilar Mera e André Pocinha nos actos da UNED



Intervención de Luis Luna e Xavier Frías nos actos da UNED



Algúns dos alumnos asistentes aos actos da UNED



Algúns dos participantes e asistentes nos actos da UNED:  
André Pocinha, Carmen Mejía, Xavier Frías, Inés Canosa,  
Vicente Araguas, Verónica Palomares, Ricardo Pichel,  
Yolanda López, Luis Luna e Manuel Pereira

desde o seu nacemento ata a actualidade, coa participación de Ana Acuña, Carmen Mejía, Luis Luna e Xavier Frías. Na sesión da tarde André Pocinha, Begoña Regueiro e Verónica Palomares

falaron da traxectoria poética dalgúns dos poetas do Grupo Bilbao (Xavier Frías, Manuel Pereira e Vicente Araguas, respectivamente). Resultou ser unha xornada moi produtiva onde o diálogo e o



Presentación de *Bilbao. Antoloxía de poesía galega en Madrid*, en Aturuxo Tenda Galega



Chema (editor de Amargord), Xavier Frías e Rafa Yáñez na presentación da Antoloxía

intercambio de ideas prevaleceu na posta ao día das diferentes poéticas.

Por fin, como clausura das xornadas das Letras Galegas, o venres 18 de maio pola tarde presentouse na librería Aturuxo Tenda Galega o novo libro do Grupo Bilbao, unha escolma poética bilingüe (galego-castelá) titulada *Bilbao. Antoloxía de poesía galega en Madrid* e publicada pola editorial Amargord.

Foron, en definitiva, tres xornadas de *Letras Galegas* en Madrid que pagaron moito a pena e

nas que todos nós gozamos agasallando cuns merecidos festexos os nosos homenaxeados: Valentín Paz-Andrade, Celso Emilio Ferreiro e Isaac Díaz Pardo.

A continuación, incluímos en apéndice as homenaxes particulares a Isaac que lle renderon Xesús Alonso Montero (na voz de Ana Acuña), Mariví Villaverde, Constanza Tobío, Inés Canosa e Vicente Araguas. Vaia a todos eles o noso profundo agradecemento.

## Apéndices

### I

Isaac Díaz Pardo, escritor antifranquista na clandestinidade

Xesús ALONSO MONTERO

Nesta homenaxe ó gran Díaz Pardo, na que non me é posible estar fisicamente, achego as presentes páxinas sobre un tema que, quizais, non se trate neste encontro madrileño. En calquera caso, expreso a miña gratitud á organización deste acto por convidárenme, feito que tanto me honra.

Referireime, en primeiro lugar, ás colaboracións súas en *Galicia Emigrante*, a revista fundada e dirixida en Bos Aires polo seu gran amigo Luís Seoane. Isaac, nesta revista, ofrécenos dous tipos de colaboracións: a) os artigos asinados co seu nome e apelidos, que escribe coa man dereita, b) e os artigos asinados co pseudónimo Ollarnovo, que escribe coa man esquerda. Era, en efecto, unha nova maneira de ollar as cousas do país. Cómprase aclarar que Isaac, nin sequera nos artigos non pseudónimos, perde o tempo, pois sempre opera como cidadán crítico, áinda que a crítica, neses casos, fose pouco dura. Nun artigo sobre o Hospital Real de Santiago de Compostela, xa transformado en “Hostal de los Reyes Católicos”, é quen de facer esta observación: “Hoy..., por virtud de algo extraño a los intereses de Galicia, ya no es el Hospital paradigma de caridad. Hoy es, desde hace un par de años, un hotel de lujo que sirve a la voluptuosidad de todos los nuevos ricos del mundo” (nº 19, 1956). Quen examine a prensa galega de 1955 ou 1956 dificultosamente baterá con enunciados críticos destas características sobre o Hospital Real. Escribíaos –e subscribíaos– Isaac Díaz Pardo nunha revista galega da diáspora antifranquista.

Mais cando Isaac decide publicar enunciados más críticos ou más arriscados, escríbeos para a mesma revista pero sen subscribilos co seu nome de púa. Dez son os artigos que chegou a publicar en *Galicia Emigrante*, nove subscritos polo señor Fernández Ollarnovo, un dos seus pseudónimos predilectos. No artigo “La emigración”, Isaac arremete contra o marqués de Santa Cruz, autor do texto dun proxecto de Lei para a creación do Instituto Español de Emigración, e arremete por-

que “el dictaminante está hablando también por boca de los navieros pero nunca por los intereses de los emigrantes” (nº 23, 1956). Non obstante, sabedor Díaz Pardo de que a Igrexa española, por boca do cardenal de Santiago, non quixo mesturarse “en tan lamentable asunto”, comunícanos que o feito cómpre interpretalo como un signo de esperanza. Neste artigo está de corpo enteiro Díaz Pardo, o Díaz Pardo que denuncia unha iniciativa política e que, asemade, aplaude a actitude ante esa iniciativa, da Igrexa, consciente –penso eu– de que a unha institución tan poderosa e tan comprometida co franquismo cumpría non acosala e, mesmo, gabala cando emitise un signo positivo por pequeno que fose.

Meses despois, Isaac non elude a denuncia persoal. Referíndose ó Ministro de Comercio, precisa:

[...] el señor Arburúa participa con capital particular en una de esas empresas “especializadas” en colocar los recursos mineros en manos extranjeras, y Galicia, ¿cómo no?, es ya una de sus víctimas. Su hierro, su estaño, su wolfram, sus silicatos alumínicos y, en fin, todo lo que tenga un valor esencial, como materia prima, estará en este 1957 en manos extranjeras. (nº 27, 1957)

Nun artigo algo posterior, nunha páxina resoltamente antianqui, fai unha pregunta que semella de hoxe mesmo: “¿de qué le sirve a la Arabia Saudita tener fabulosos recursos petrolíferos y detentar la amistad de la Nación más rica de la Tierra? Los saudíes continúan en la pobreza y el atraso” (nº 35, 1958).

Habería que averiguar qué pensaba a policía intelectual do franquismo destes artigos e se, nalgún momento, chegou a identificar o autor, o que non era moi difícil para a policía que lese, na mesma revista, os artigos asinados polo propio Isaac Díaz Pardo. Ademais dalgunhas coincidencias, hai un mesmo estilo conceptual nos artigos ortónimos e nos pseudónimos. Diazpardiano é, tamén, o estilo conceptual de Xoán Mazarico, autor do único artigo en galego de Isaac na revista de Luís Seoane: “O cincuentenario da Academia Galega” (nº 25, 1956). Xoán Mazarico gababa, do acto conmemorativo, a intervención de Bannet Fontenla, o único académico que empregou a lingua galega. É unha institución, conclúe Díaz Pardo, travestido de Xoán Mazarico, que “ten que soportar no seu seo, como académico de número, ao señor Serrano Castilla, delegado do Ministro de Educación, que é, precisamente, o que prohíbe

falar i escribir en galego". Vese que Díaz Pardo tíñalle gañas a Francisco Serrano Castilla, moi protexido na Ditadura polo abade de Samos don Mauro Gómez Pereira. Tíñalle tantas gañas que ascendeu á condición de académico numerario a quen nunca foi máis que correspondente, e por amiguismo. O señor Casas Fernández, presidente da Academia, privilexiárao con esa distinción o 4 de maio de 1952.

Fóra dos artigos de *Galicia Emigrante*, Isaac publicou artigos de denuncia nos volumes colectivos da editorial parisiense Ruedo Ibérico, editorial coa que colaborou, tamén, economicamente. No titulado *Horizonte Español* (1966) colabora cun longo ensaio histórico: "El movimiento nacional en Galicia". O título, que pode resultar equívoco, é a "historia del nacionalismo gallego y de su represión sistemática y meditada". Asínao, nesta ocasión, Santiago Fernández.

Con estas breves noticias e consideracións intentei asomarme, só en parte, a un dos capítulos da polifacética e xigante actividade intelectual de Isaac Díaz Pardo, un capítulo, neste caso, incurso de cheo no labor antifranquista do noso homenaxeado.

## II

Un día chegou Isaac

**Maríví VILLAVERDE**

Xa é sabido que unha vez fusilado o seu pai tivo que deixar Santiago a toda presa e refuxiarse na casa de familiares menos significados politicamente, na Coruña. Eran tempos de terror e, pese á súa mocidade –non tiña máis ca 16 anos–, xa se distinguira polo seu apoio nas Eleccións polo Estatuto de Galiza.

Cando ía no autobús camiño da Coruña, xa se decatara das veces que o condutor tivera que parar para apartar cadáveres do medio da *carretera*. Todo era utilizado para aterrorizar as xentes.

Isaac era xa un pintor e adicouse con afán a ese oficio. Vendía con facilidade canto saía das súas mans. Mais el non estaba de acordo con converterse en vendedor de cadros. Galiza tiña elementos que ainda estaban sen explotar, polo menos na escala necesaria.

Isaac ponse a investigar o que o pintor ferrolán Vello Piñeiro estudara sobre Sargadelos, e sen-

tíase atraído por actividades que achegarían iniciativas de artistas e industriais, deducindo que coas terras e feldespatos galegos quizais volvería a oírse a resurrección da cerámica galega.

Cando finou a Segunda Guerra Mundial, os "caolíns" quedaron en zona de influencia rusa e a industria centroeuropea viuse obrigada a buscar terras. En España non faltaron seres que se apresuraron a poñer en bandexa os "caolíns" de Sargadelos. Algúns foron *testigos* de cousas peregrinas que finaron coa orde do Ministerio de Industria, que confirmou a entrega dos xacementos de caolín do Norte de Lugo a industrias alemás, baseándose nunha información xiganescamente inexacta. Os caolíns de Sargadelos, dos mellors do mundo, poderían ser unha riqueza para Galiza de ser manufacturados nela. Hoxe xa non lles pertencen a Galiza. Mais as equivocacións poden corrixirse; incluso sería moi bo que os emigrados en América fosen o primeiro impulso que o fixese posible.

E si, foi en América.

Un día chegou Isaac e chegou cos seus bos propósitos de crear.

Eu xa coñecía a Isaac, é dicir, sabía de Isaac, pero non o vira nunca, igual que me pasara con Laxeiro. E fun ó Centro Galego onde estaba anunciada a súa presentación para dirixirse á Colecividade Galega. O Centro Galego aínda non tiña daquela o Salón Castelao que se fixera bastante despois e tivemos que xuntarnos de pé, ben aperadiños porque non tiñamos espazo para *sillas*. Isaac comezou a explicarnos todo o que tiñan feito en Galiza, no Castro, que foi a súa primeira fábrica.

As porcelanas do Castro xa pregoaban dentro de España o renacemento e a realización de obras de arte, e podía ó mesmo tempo servir como industria utilitaria con toda dignidade.

O dolmen que serve de marca e emblema ás pezas que saían das cerámicas do Castro é sempre fecundo exemplo da vida perenne.

A continuación Isaac informou de que o feito da súa viaxe a Bos Aires tiña como fin invitar os Galegos residentes na Arxentina a sentir o desexo de participar nese anceio de formar parte dos futuros socios da industria da porcelana que se ía crear na Magdalena, onde non se carecía de boas terras para fabricala.

Iso creou un auténtico entusiasmo entre os que alí estabamos e cada un facía xa contas do que podía dispor para participar na empresa galega. E así, coas pequenas ou grandes achegas de tantos

Galegos creouse o Laboratorio de Formas da Magdalena. Tódolos comercios de calidade foron os nosos clientes; e digo *nosos* porque tanto Ramón coma min fomos en distintas épocas os seus representantes.

Isaac era un home incansable do traballo. Non tiña horarios.

De día ou de noite era un bo momento para aproveitar intentando resolver algún problema ou, quizais, mellorando algunha cousa que non lle convencía.

Para poder levar a cabo tanto proxecto e sacalo adiante hai que ter unha compañeira que lle comprenda a un e que sexa capaz de aceptar tódolos problemas que se poden presentar. E Isaac tiña a Mimina, que era unha muller capaz, comprensiva e de grande sensibilidade.

Meu querido Isaac, moito traballaches neste mundo, moito quixeches a Galiza e moito fixeches por ela.

Todos temos que recoñecelo e agradecercho.

Máis nada e graciñas.

### III

#### Isaac Díaz Pardo y el *Seminario de Estudios Galegos*

Constanza Tobío

Exiliarse no es emigrar. Si los emigrantes están separados de su tierra por el espacio, en el caso de los exiliados se añade la distancia del tiempo. Si los emigrantes son un puente entre el aquí y el allá, entre Galicia y América, tal mediación es mucho más compleja en el caso de los refugiados. La separación es entre el pasado y el presente, o quizás entre el pasado y el futuro. Los que fueron obligados a marcharse por el golpe militar, se esforzaron por mantener en el exilio la legitimidad de las instituciones republicanas, a través, por ejemplo, del *Consello de Galiza*, recurriendo al recuerdo y la memoria como forma de preservar todo aquello, esperando el momento de la recuperación. Ellos vivían del recuerdo y la esperanza, y los que permanecieron aquí, en los años oscuros del franquismo, sobrevivían en un entorno hostil al recuerdo, que inevitablemente se iba debilitando.

El aquí y el allá eran dos mundos cada vez más separados, unidos por pocos mediadores. Isaac

Díaz Pardo fue uno de ellos y, en Galicia, el más importante, el más activo y perseverante, el más capaz de comprender a unos y otros, el más capaz de ir reconstruyendo tantas cosas rotas en la Guerra Civil. Isaac poseía esa capacidad, que dicen que se da mucho en Galicia, para ver una cosa y su contraria, o más bien su complementaria, una dualidad permanente entre la ética y el pragmatismo, entre lo local y lo universal, el arte y la técnica, lo de aquí y lo de allá.

Isaac pertenecía a una generación intermedia entre los galleguistas de la *Xeración Nós*, de los años 20 y 30, y los más jóvenes, nacidos ya en la posguerra. Siendo niño y adolescente conoció a los compañeros y amigos de su padre, Camilo Díaz Baliño, gente como Luís Seoane, Blanco Amor, Rafael Dieste, Anxel Casal, Arturo Cuadrado y Lois Tobío, entre otros. Y no los olvidó jamás. Creo que no hay nadie que haya hecho tanto por traerlos al presente, por reconocer y aprender de aquellos viejos galleguistas, todos refugiados o muertos por la violencia franquista.

Conozco de primera mano, a través de lo que me contaba mi padre, Lois Tobío, y de muchos documentos que conservo, el papel de Isaac en la recuperación del *Seminario de Estudios Galegos*, su muy significativo empeño por reconstruir una institución abierta y crítica, que fue arrasada por lo que representaba. La historia del *Novo Seminario de Estudios Galegos* comienza a finales de los años setenta del pasado siglo XX, los años de la Transición. De los nueve fundadores, en 1923 jóvenes universitarios de Santiago, solo quedaban tres con vida: Ramón Martínez López, Lois Tobío y Xosé Filgueira Valverde. Éste último era bien conocido en Galicia, pero casi nadie sabía quiénes eran los otros dos, ambos exiliados.

Isaac se propone recuperar plenamente lo que había sido el Seminario en su doble objetivo de reivindicación de Galicia y de la modernidad. De una Galicia abierta al mundo y al conocimiento científico. El viejo Seminario nació en la Universidad de Compostela, integrado por profesores y estudiantes, y desarrolló a lo largo de sus trece años una inmensa actividad de investigación y difusión en campos tan variados como la Historia, la Filología, Arte y Letras (sección dirigida por Castelao), la Geografía (dirigida por Otero Pedrayo) o la Etnografía y el Folclore (Vicente Risco), así como en sus secciones de Prehistoria, Ciencias Naturales o Geoquímica. En 1931, pocos meses después de proclamada la República, la Sección de Ciencias Sociales, Jurídicas y Económicas

micas, dirigida por Lois Tobío, redacta el anteproyecto de Estatuto de Galicia. Tras el golpe militar, que triunfó con bastante rapidez en Galicia, y con muchos de sus miembros muertos o exiliados, se prohíbe su actividad, destruyéndose lo que tan costosamente se había construido.

Aquello es lo que Isaac, en una de las facetas de su polifacética actividad, se propone recuperar. En 1978 organiza una Exposición-Homenaje al *Seminario de Estudios Galegos* en las Galerías Sargadelos de Santiago y de Madrid, con diversas mesas redondas, conferencias y encuentros sobre el tema. Publica, además, el más importante trabajo del Seminario, *Terra de Melide*, en edición facsimilar, así como otras obras. En ese mismo año se forma una Comisión Gestora para la restauración del Seminario, de la que forman parte, además del propio Isaac, personas como Ramón Piñeiro o Fernández del Riego, y se convoca una asamblea para ponerla en marcha el 10 febrero de 1979. Ello se justifica en un extenso documento por la necesidad de “servir, desde o plano cultural, á plena dignificación do noso pobo [...] e dun órgano no que a nosa conciencia cultural tome corpo e poda encauzar o seu dinamismo creador de futuro”. Y se habla también de “justicia histórica” al retomar el nombre de *Seminario de Estudios Galegos* para la nueva entidad. Y no solo el nombre. Es conmovedor ver el deseo de restauración en la propia organización temática del *Novo Seminario* o en la recuperación del logo diseñado por Castelao.

Isaac despliega una enorme actividad, va incorporando apoyos y tejiendo complicidades. Ramón Martínez López es elegido Presidente de la Comisión Gestora y a finales de 1980 le escribe a Lois Tobío una carta en la que le comunica la legalización del Seminario, y le dice: “Teño o inmenso pracer de saudarte cunha nova que, ben seguro, despertará na túa memoria toda una chea de inesquecíveis recordos e no teu corazón a alegría do reencontro cun pasado sempre vivo en todos nós”.

Más complicada fue la relación con Filgueira Valverde. Ese mismo año, Isaac le escribe a mi padre:

Velahi vai fotocopia de carta que lle envio a Filgueira, que é indudablemente o punto máis conflictivo polo seu protagonismo no desmantelamento do vello Seminario e a formación do seu sucesáneo, o Sarmiento... Trátase indudablemente de leximir a restauración do Seminario coma un deber básico e cidadán e temos de vencer certas inercias franquistas. Necesitamos especialmente a

vosa axuda: hai que restauralo sin resistencias. E ceais mostrar un pouco a orella.

En la citada carta a Filgueira le dice:

O vello Seminario ten desaparecido por causas que viñeron dadas nunha serie de circunstancias que non hai por que contabilizar xa... O que compre é mirar para o futuro onde todos podemos entendernos... Restituir o punto de coincidencia interrumpido... ver que o vello Seminario que vos habiades creado reunía esa calidade de institución interáreas dos estudos galegos a que respondía o seu nome. Que cumpliu una tarefa brillante e positiva.

Como se puede ver, Isaac buscó puentes entre el hoy y el ayer, sabiendo integrar las distintas trayectorias y reconociendo la aportación de cada uno de los protagonistas de esta historia. Van a estar en el nuevo Seminario tanto los exiliados y fundadores como los que permanecieron en España y se adaptaron a la situación de una forma o de otra. Pero Isaac no propugna el reencuentro a costa de la memoria, sino que en todo momento la sitúa en primer plano, al servicio de la verdad y del rigor. Así, le dice también en esa misma carta a Filgueira Valverde, refiriéndose al Instituto Padre Sarmiento, centro del CSIC:

A institución que recolleu os restos do vello Seminario, o Padre Sarmiento, non debe competir co novo Seminario restaurado, porque iste vai ser una institución coordinadora dos estudos galegos, namentres o Sarmiento é un instituto especializado de historia, arqueoloxía, etc. ... más adiante, en todo caso, cumpriría pedirles para maior claridade que abandonasen esa subtitulación de “Estudios Gallegos” cando se trata dun instituto especializado só en *algúns* estudos galegos, os que permitía a situación na que se creou, e ganando en semántica ganaría tamén en verdade científica, ao deixar de confundir.

Después también intentará Isaac, más allá de la recuperación, la reparación, incluyendo la patrimonial, del viejo Seminario, y para ello cuenta con la ayuda de José Luis Meilán Gil, que elabora un extenso dictamen sobre su situación legal en el que aconseja interponer diversas acciones jurídicas.

A finales de esa década, el Seminario es una institución conocida y reconocida, como lo había sido en los años veinte y treinta. Aunque el apoyo de la Administración fue siempre escaso, a pesar de las diversas acciones emprendidas, contó en

todo momento con el de las empresas vinculadas a Isaac (Sargadelos, el Laboratorio de Formas, el Centro Galego de Información o la editorial Ediciós do Castro). Todo ello le ha permitido desarrollar una amplia actividad de investigación y difusión retomando la tarea iniciada en 1923 y truncada trece años más tarde. No hubiera sido posible sin el empeño, el esfuerzo y la constancia de Isaac Díaz Pardo. Recordar su aportación a Galicia es oponerse a la desmemoria, como él nos mostró con su ejemplo. Por eso seguirá siempre en nuestra memoria, como símbolo de la Galicia que queríamos.

*Moitas grazas.*

## IV

### Lembranzas

**Inés CANOSA**

Coñecín a Díaz Pardo en Bos Aires no verán arxentino de 1966, nunha visita á fábrica de cerámicas Magdalena que el fundara en 1955.

Na cidade bonaerense atópase con Luís Seoane, Arturo Cuadrado, Mariví Villaverde, Lorenzo Varela, Ramón de Valenzuela, Antonio Baltar e Núñez Búa. Exiliados republicanos cos que manterá amizade toda a vida.

Díaz Pardo e Seoane soñan con restaurar en Galiza a tradición industrial iniciada a finais do século XVIII no complexo siderúrxico e cerámico deseñado e posto en funcionamento por Antonio Raimundo Ibáñez.

Fundan o Laboratorio de Formas de Galicia en 1963. Como consecuencia Ediciós do Castro inicia a publicación dos primeiros libros para difundir as ideas e a investigación do mencionado Laboratorio de Formas.

En Galiza xa funcionaba dende 1949, por iniciativa de Díaz Pardo coa colaboración de Federico Nogueira e José Rey, a fábrica de Cerámicas do Castro.

Isaac atenderá as dúas empresas, arxentina e galega, até 1968, ano no que regresa definitivamente á terra.

No ano 1970, coa colaboración de Cerámicas do Castro, poñen en pé Sargadelos no concello de Cervo, unha industria concibida coma un laboratorio de ensaios, especialmente de formas e con-

ceptos que traballará a partir da reflexión evolucionada do noso tempo.

Eu quero salientar o traballo de deseño que fixeron na porcelana, tanto na decoración coma nas formas. Tradición e modernidade foron xuntas: “Raigaña do pasado con ideas do noso tempo”, en palabras de Isaac.

Buscaron modernizar, sen deixar de conservar o cerne da nosa tradición cultural, nin o noso estilo de vida. Dende a cultura castrexa, arte rupestre, petróglifos, románico, barroco, artes populares até as galerías modernistas, sen esquecer os persoeiros da nosa historia.

A Bauhaus, que sentou as bases do que hoxe coñecemos coma deseño industrial e gráfico, ademais de tódalas vanguardas, están nas figuras coas que Seoane e Isaac nos agasallaron. A utilidade desas figuras, por tanto, engadíase un espírito de identidade contemporánea.

No mesmo ano 1970 materialízase outra iniciativa dos dous artistas: o Museo Carlos Maside, en Osedo-Sada. Inaugúrase, cunha conferencia de D. Ramón Otero Pedrayo. O obxectivo deste museo é recoller e divulgar o Movemento Renovador da Arte Galega, dende Castelao, Asorey, Maside, Lugrís, Maruja Mallo, Arturo Souto, Fernández Granell, Colmeiro, Laxeiro, até Lago Rivera. Os fondos do museo son, maiormente, unha achega dos dous fundadores.

No Seminario de Estudios Cerámicos, creado en 1972 en Cervo, celébranse cada verán experiencias cerámicas internacionais que se complementan con seminarios e conferencias ditadas por sociólogos, arquitectos, economistas etc.; eles, xunto con Isaac, falarán de artesanía e deseño, necesidade e satisfacción, desenvolvemento e sustentabilidade. Aquelas xentes, chegadas de lonxe, reconócen que “Sargadelos é mais ca unha cerámica. É un compromiso, unha pauta de conduta”.

Tamén en 1972 abre en Barcelona a primeira Galería Sargadelos. Faino coa mostra *Presencia do libro galego*, con fondos da Universidade de Santiago, Real Academia Galega, Fundación Penzol, Instituto Padre Sarmiento e outras institucións.

En 1975 aparece a Galería Sargadelos en Madrid. A exposición inaugural é *Presencia de Galicia*, composta por libros galegos dende o século XVI, acompañados por unha colección de acibeche, outra de mapas do Antigo Reino de Galiza e fotografías das esculturas da fachada das Praterías, de pintura mural e das górgolas do ex-hospital dos peregrinos, hoxe Hostal dos Reis Católicos.

Vendo todo aquel traballo, Eduardo Blanco Amor dixo: “si tivéramos seis homes coma Isaac, Galiza sería irrecoñecible”.

No IGI, Instituto Galego de Información, construído en Santiago no ano 1977 co afán de mellorar a información e comunicación, acoller estudiosos do exilio e para albergar o xornal *Galicia*. Traballou moi en silencio para involucrar a Lorenzo Varela que regresara no ano 1976, pero que desafortunadamente faleceu en 1978.

Coido que a edición do referido xornal foi o único proxecto que non logrou facer realidade, malia que o seu tesón non lle permitía deixar as cousas sen rematar.

O ano 1979 é un mal ano para Galiza. Desapareceron Luís Seoane, Celso Emilio Ferreiro e Eduardo Blanco Amor.

A morte de Seoane, deixa en mans de Isaac –ao dicir de Valentín Paz Andrade “o xigante comprimido”–, toda a tarefa. Para axudarse, preparou un *grupo técnico* do que Andrés Varela, membro do mesmo, dirá: “non eramos capaces de botar para adiante as mil e unha ideas que saían da súa fecunda imaxinación e capacidade de traballo, xa que no seu convenio laboral non figuraban vacacións nin días festivos”.

En Ediciós do Castro mantivo coleccións de libros e revistas, sen esquecer nunca a recuperación da memoria coa colección *Documentos para a Historia Contemporánea de Galicia*. Nestas publicacións tentaba “reconstruir a idea do noso pasado inmediato” a través dos testemuños dos que ainda vivían.

Arredor do ano 2000 Ediciós do Castro iniciará a colección *Biblioteca del exilio* en unión da editorial Renacimiento de Sevilla. Grazas a este esforzo recuperáronse textos inéditos do exilio español.

Díaz Pardo non se resignou nin á ignorancia nin ao esquecemento dese pasado. Nunca renunciou á defensa das causas xustas, tendo como fin último Galiza.

Este era o Díaz Pardo que coñecín, traballador incansable e home xeneroso con todos nós. Nunca lle escoitei escusarse por estar moi ocupado para non asistir a unha presentación, conferencia ou evento ao que o convidaban. Vin sempre a fidelidade e atención que prodigaba a todos os amigos.

Isaac, para os que traballabamos nas súas empresas foi unha persoa difícil, rigorosa e dura, mais sempre moi próxima. Mantíña claramente que “os responsables non podemos ter máis privilexio co de dar exemplo”. El deuno.

Escoitaba e atendía a todos os que se achegaban onda el con interese, especialmente á mocidade, aprazando o seu intenso traballo persoal.

Galiza recoñeceille nos últimos anos o labor que fixera e rendeulle múltiples homenaxes. Mencionarei só algúns: Medalla de ouro da cidade de Santiago (1988), Premio Ramón Otero Pedrayo (1991), en 1992 a Asociación de Libreros Galegos recoñeceille o seu labor editorial e recibe o grao de Doutor Honoris Causa pola Universidade de Santiago e no 2007 a Universidade da Coruña celebra unha semana de actos que pecha coa súa investidura, tamén, como Doutor Honoris Causa.

Hoxe, que se conta a historia de Sargadelos sen mencionar os fundadores, considero oportuno pechar a miña intervención, cunhas consideracións persoais sobre a última etapa da vida dun home que nunca utilizou a insidia nin a animadversión e que era incapaz de dubidar dos que el consideraba amigos.

Porén, os que recibiran todo da súa xenerosidade foron os que o traizoonan. Coido que varrello da empresa, que creara xunto co seu admirado amigo Luís Seoane, puido ser legal, pero non moral. Por iso, os que o botaron fóra nunca terán o noso respecto. Respecto que destinaremos sempre á memoria de Isaac Díaz Pardo.

## V

### Isaac, hóspede do tempo

**Vicente ARAGUAS**

Había nel, na súa figura enxoita, comesta pola usura do tempo e máis da memoria, un non sei que de naufrago dun mar inmenso. Dun home navegante nunha balsa camiño da consabida illa con palmeira. Ou –se cadra– dun camiñante con gardachuvas camponés baixo dunha chuvia eterna, non sei. Isaac, en fin, era outra cousa. Un traizao, un chicotazo, do tempo e da memoria. Un home que se protexía da ruindade para protexernos, que nos outorgaba acougo contra do trebón, coñecedor de Dylan ou non, que iso nunca mo dixerá.

Andiven con Isaac Díaz Pardo, ao seu lado, na distancia próxima, valla o oxímoro, moitos camiños. Todos os que fora dictando a súa filantropía de home primordial, de persoa atenta a Galicia

como Cultura, ao Mundo como cerne do espírito e espora dun cabalo para todos. Eis Isaac, empregando o diñeiro como causa e razón, servíndoo a mancheas para dar saída a todo o que fixese da casa común espazo habitado (e habitable).

Isaac Díaz Pardo, un homiño xigante, un ser enxoito que abatía xigantes, un fidalgo de antano con visión tan moderna de xogada que daba xenio, que exercitaba o “cuore” (*tu stai soffrendo*) para os demais. Caste de “onegá” el só, espírito de Lincoln, Garibaldi, Gandhi, Castelao ou Madre Tereixa de Calcuta todo nun son, todo nunha maneira de querer e de vivir.

Isaac era, sempre o direi, Giangiacomo Feltrinelli, mais sen outra dinamita que a que xordía das súas iniciativas, grandes como un sol e lúa chea, sen outra pistola que a do seu pincel namorado.

En amor perenne coa Terra que lle foi tan lene (que lle está sendo lene) como a nosa lembranza. Nube nun ceo óptimo, corazón de Galicia e do Mundo (nunca entenderei a un Isaac fóra do universo solidario como centro de mesa), no que chantar as nosas bandeiras.

Como a tricolor que presidía o acto de Palas de Rei, aquel verán do meu encontro derradeiro con Isaac. Unha chea de xente, un mangado cordial, ao redor da lembranza de Camilo Díaz Baliño e Sixto Aguirre, e –por favor– non esquezamos a este estudiante feito cadáver á beira do corpo do “Pintor”, pai de Isaac e ferrolán tan alto cal o lustre da cidade ilustrada.

E con Isaac, en Madrid, con Fermín Bouza-Brey, cando fora o noso heroe do Día das Letras. E Dionisio Gamallo era fervenza erudita, e Isaac e Lauro Olmo aquel xesto de bonhomía dunha patria que se nos vai das mans como unha anguía que esvarase.

E non. E non. Pola memoria de Isaac que se deu, que se foi desfacendo en memoria. En memoria galega e universal. Este Isaac que volve hoxe a nós, áinda que nunca se fora, cabaleiro perenne contra dos xigantes e dos exércitos que han terminar derreténdose cal o requeixo aquel baixo do elmo de Don Quixote. Porque Isaac era e seguirá sendo todo. Porque nunca volverá nacer un ser tan irrepetible. E áinda así. Con Isaac: SAÚDE E REPÚBLICA.